



# SINFÓNICA DE PONTEVEDRA

## Audicións Decembro 2023

A Orquestra Sinfónica de Pontevedra convoca probas extraordinarias de admisión para cubrir as seguintes prazas na Xove Orquestra, nas especialidades instrumentais, de acordo as bases que seguen :

**Cordas: Violín, viola, violoncello, contrabaixo**

**Percusión**

### Capítulo I: Requisitos.

1. Poderá presentarse todo aquel alumnado que estea matriculado en conservatorio, escola de música ou academia nalgunha das especialidades anteriormente sinaladas.
2. Ter entre 16 e 26 anos. (En percusión, no caso de que un alumno/a menor de 16 anos acredite o nivel esixido, o tribunal resérvase o dereito de admisión).
3. Superar as probas de admisión.
4. Aceptar na súa totalidade o documento das normas de réxime interno da Xove Orquestra que será facilitado a cada aspirante, se así o solicita, ao superar as probas de admisión.

### Capítulo II: Presentación de instancias.

5. Quen desexe tomar parte nestas probas deberá cubrir a solicitude de inscrición que será publicada na web da Orquestra, ***sinfonicadepontevedra.com***.
6. O prazo de presentación de solicitudes será do **10 de novembro ao 20 de novembro de 2023 (ambos inclusive)**. As solicitudes remitidas fóra de prazo serán desestimadas.

### **Capítulo III: Desenvolvemento das probas.**

7. As probas realizaranse os días 1, 2 e 3 de decembro. Confirmarase o lugar e os días exactos das audicións unha vez pechado o prazo de recepción de solicitudes e elaborada a lista definitiva de admitidos/as.
8. O proceso selectivo:
  - Para as **Cordas** consistirá na interpretación dunha obra libre (de acordo ao derradeiro nivel cursado) e unha lectura a primeira vista que será proporcionada polo tribunal o día da proba.
  - Para **Percusión** consistirá na interpretación dunha obra libre (de acordo ao derradeiro nivel cursado) para timbais e unha lectura a primeira vista de multipercusión que será proporcionada polo tribunal o día da proba.

As probas realizaranse sen pianista acompañante, sen facer as repeticións e sen necesidade de facer os compases de espera cando estes excedan de 2.

9. A selección dos aspirantes efectuarase por un Tribunal Cualificador designado pola directiva da Orquestra Sinfónica de Pontevedra.

### **Capítulo IV: Comunicación dos resultados.**

10. Os resultados das audicións comunicaranse vía correo electrónico, no prazo dunha semana despois da realización das mesmas, unicamente á dirección de e-mail desde a que foi presentada a instancia á orquestra.

### **Capítulo V: Titularidade.**

11. Os aspirantes seleccionados adquirirán a condición de membros da Orquestra Xove, por un período de 2 anos, unha vez cuberta e presentada a folla de matrícula e formalizado o pago da cota anual (adaptado aos meses que restan para finalizar o curso, xa que comezarían en Xaneiro).

**A participación nas audicións de selección supón a aceptación expresa da totalidade das Bases desta Convocatoria.**

**Pontevedra, a 9 de novembro de 2023**